

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE IMPLANTACIÓN E SEGUIMENTO DA COMPOSTAXE INDIVIDUAL A NIVEL MUNICIPAL.

En Pontevedra a 17 de xaneiro de 2019

### REUNIDOS

D. César Mosquera Lorenzo, Vicepresidente da Deputación da Provincial de Pontevedra (CIF P-3600000-H) en virtude das atribucións que lle confire o artigo 35.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril,, reguladora das bases de réxime local.

D. Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde do Concello de Pontevedra (P-3603800H),actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

D. Xurxo Álvarez Pérez, Presidente da Federación Rural Galega, con CIF G-70237904.

E dando fe do acto por substitución, D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Actuando todos eles no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** As obrigas legais fixadas en diversos textos normativos de aproveitamento dos restos orgánicos dos residuos municipais están moi lonxe de poder cumprirse nas datas fixadas de manterse inmóbil a situación actual. O obxectivo de compostar, polo menos, o 50% da fracción orgánica antes do ano 2020 non se poderá acadar se non se dan xa pasos firmes e decididos nesta dirección.

Ademais, será inminente o aumento das esixencias destes obxectivos nos vindeiros anos pois xa está aprobada na UE a obriga de compostar na orixe ou recoller separadamente os

biorresiduos antes do 31 de decembro de 2023; así mesmo, tamén está en tramitación a modificación da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, que pretende adiantar esta obriga ao 31 de decembro de 2020 para os concellos de máis de 5.000 habitantes.

Neste sentido a Deputación de Pontevedra xa deu pasos moi importantes en colaboración cos concellos a través do REVITALIZA, plan co que se aposta pola compostaxe local, sexa de tipo individual (en diante COIN) para domicilios e produtores singulares ou sexa de tipo comunitaria (en diante CCC) para produtores varios.

**Segundo.-** No relativo aos CCC, a Deputación ten instalados en 26 concellos da provincia un total de 76 CCC con 535 Unidades Modulares de Compostaxe (en diante UMC), con capacidades unitarias para tratar a FORM producida por entre 60 e 300 persoas, que funcionan perfectamente e contan con todos os parabéns da veciñanza que participa no proceso; estes CCC están funcionando baixo a supervisión do persoal técnico do Plan REVITALIZA, que desenvolve as súas funcións de maneira temporal e transitoria ata que a súa implantación sexa completa e os concellos asuman a súa xestión íntegra.

**Terceiro.-** No referente aos COIN a Administración provincial está traballando para ter instalados no ano 2019 un importante número deles cunha aposta clara pola colaboración cos concellos para a posta en marcha dun ambicioso plan de compostaxe individual, que complementará a actividade dos centros de compostaxe comunitaria e das futuras plantas de compostaxe comarcais.

**Cuarto.-** En relación co anterior, un dos concellos no que a compostaxe ten avanzado en maior grao é o de Pontevedra, adherido ao REVITALIZA desde o primeiro momento e que participou activamente en todas as súas fases de implantación, tendo instalados e a pleno rendemento, en diferentes localizacións, 18 centros de compostaxe comunitaria cun total de 152 unidades modulares.

En canto aos COINs, o Concello pretende dar un paso máis coa distribución polo rural de 8.000 unidades, de xeito que se poida dar cobertura ás necesidades derivadas da primeira fase de despregamento do plan eliminando do fluxo habitual de recollida, transporte e tratamento de residuos nunha cantidade aproximadas de 10.320 kg/día (estimación de 0,43 kg/habitante e día de biorresiduos).

Non obstante o anterior, en vista de que o Concello de Pontevedra carece dos medios técnicos e humanos necesarios para iso, con data 22 de novembro de 2018 solicitou a colaboración administrativa e económica da Deputación Provincial de Pontevedra para que inicie e impulse os tramites e xestións necesarias para o despregamento do plan mediante o seguimento dos citados composteiros individuais, propoñendo ademais a sinatura dun convenio con condicións semellantes ás establecidas cos cinco concellos xa incorporados á Liña 2 do REVITALIZA.

**Quinto.-** Para que o citado despregamento de COINS se poida facer efectivo e sexa operativo a Administración provincial xa se inclinou pola aplicación dunha política de colaboración e inclusiva que permita integrar de maneira harmónica todas aquelas asociacións cidadás sen ánimo de lucro posuidoras de coñecementos e cunha mínima presenza/implantación previa no eido da compostaxe individual, así como na acción social que esta leva consigo, como así aconteceu nos seguintes concellos: As Neves, Mondariz, Mondariz Balneario, O Grove e Vilaboa.

Esta proposta de implicación do movemento asociativo reflíctese na Ordenanza do REVITALIZA, aprobada inicialmente polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra na sesión do 26 de outubro de 2018, actualmente en fase de exposición ao público (BOPO número 219, de 14 de novembro de 2018), en cuxo articulado se establece que todos os elementos de funcionamento do Plan deberán estar dirixidos e controlados por persoal coa cualificación adecuada a cada función desempeñada, sexa persoal propio da Deputación, dos concellos, das empresas de xestión do lixo ou das colaboracións do movemento asociativo, entre as cales se enumeran as asociacións ecoloxistas, xuntas de montes, sindicatos agrarios e asociacións da veciñanza.

Por iso, de acordo cos criterios establecidos na Ordenanza REVITALIZA e coa intención de cumprir os principios de concorrencia, publicidade e transparencia, se elaboraron unhas bases co obxecto de seleccionar e subvencionar aqueles proxectos -presentados polas ditas asociacións- que permitan levar a cabo do modo máis eficaz posible a implantación e o seguimento dos 8.000 composteiros individuais por todo o concello de Pontevedra (Boletín Oficial da Provincia nº 232, de data 3 de decembro de 2018).

**Sexto.-** Unha vez valorados os proxectos presentados, o elixido para complementar a actividade despregada pola Deputación neste eido no Concello de Pontevedra foi o presentado pola Federación Rural Galega (FRUGA).



A FRUGA é unha federación de asociacións se ánimo de lucro que ten como ámbito territorial de actuación a totalidade da comunidade galega.

Entre os fins da federación están a dignificación da actividade agraria, a mellora da calidade de vida no medio rural galego e a aposta por un desenvolvemento rural sustentable. Para iso réxese polos seguintes principios:

- A construción dunha agricultura que responda ás esixencias de calidade dos produtos agroalimentarios, a protección do medio ambiente, a mellora do medio rural e a saúde e seguridade alimentaria.
- Proporcionar a cooperación, solidariedade e recoñecemento mutuo do traballo a prol do medio rural e das actividades agrarias.
- Impulsar o coñecemento, o desenvolvemento e a transferencia tecnolóxica na actividade agraria e nas actividades complementarias que se desenvolven no medio rural.


O proxecto presentado pola FRUGA poderá ser obxecto de subvención ao amparo do previsto no artigo 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado polo Decreto de 17 de xuño de 1955

Que en virtude das consideracións anteriores, a Deputación de Pontevedra, o Concello de Pontevedra e a Federación Rural Galega acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Pontevedra e a Federación Rural Galega para levar a cabo o proxecto "**A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal**", no territorio do Concello de Pontevedra, de acordo cos seguintes obxectivos:





- Obxectivo xeral do Proxecto

A implantación e seguimento de ata un total de 8.000 composteiros individuais (COIN) no ámbito territorial do concello de Pontevedra, co fin de tratar por compostaxe local a totalidade dos biorresiduos producidos nos fogares obxectivo, incluíndose nestes tanto os restos de comidas, como os procedentes da xestión de hortas e outros espazos verdes da vivenda, para así posibilitar a eliminación da entrega ao sistema de xestión de residuos municipal deste fluxo de residuos.

- Obxectivos Específicos do Proxecto

1. Proveer a través da empresa adxudicataria dos materiais adecuados (COIN e materiais complementarios) para implantalo tratamento "in situ" da fracción orgánica dos residuos municipais (en adiante FORM) en tódalas vivendas coas condicións mínimas adecuadas para a instalación e uso dun COIN.
2. Proveer dun sistema eficiente e gratuíto para o acondicionamento dos residuos de xardín, horta, finca, etc. producidos nesas mesmas vivendas, a fin de que podan ser doadamente utilizados como elementos de complementarios á compostaxe e de acción estruturante das FORM, articulándose dúas vías de actuación: unha primeira consistente en poñer a disposición de tódalas vivendas participantes que así o soliciten un servizo de trituración gratuíta a domicilio previa chamada e por orde das peticións. Outra adicional consistente na cesión temporal en concepto de préstamo de micro-trituradoras que o cidadán recollerá no almacén/taller previsto a tal efecto e que devolverá no mesmo lugar unha vez rematada a faena de trituración, por medios propios, do material lignocelulósico producido na súa vivenda.
3. Facilitarase por tanto o auto-aprovisionamento de material estruturante preciso para a compostaxe para todas aquelas vivendas participantes nas que non se dispoña dos materiais adecuados para facelos (ramas e similares).
4. Dotar a estes dispositivos que se pretenden instalar, así como ós xa establecidos, dun programa de seguimento e información que facilite a tarefa do proceso de compostaxe aos veciños.

## II.- OBRIGAS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

O Concello de Pontevedra comprométese mediante o presente Convenio a:

- Facilitar a Federación Rural Galega o listado máis completo dispoñíbel (nome, enderezo e teléfono) dos representantes das vivendas nas que se prevea ir instalando os COIN.
- Ir poñendo a disposición dos participantes tódolos COIN, e tódolos seus apeiros funcionais asociados, e facilitarlle toda a información relacionada co reparto a Federación Rural Galega.
- Facilitalo o acceso aos veciños participantes e, na medida do posíbel, mediar e colaborar na relación con estes.


## III.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A Deputación de Pontevedra comprométese mediante o presente Convenio a:

- Garantir a cooperación, soporte e asistencia do equipo de técnicos do REVITALIZA co persoal de Federación Rural Galega.
- Colaborar co persoal de Federación Rural Galega para facilitar a subida de datos de seguimento dos COIN ao programa de control do REVITALIZA.
- Financiar o proxecto **“A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal”** no territorio do Concello de Pontevedra, cunha achega máxima de ata **400.000,00 euros**, a abonar a Federación Rural Galega a modo de compensación polos diferentes gastos asociados ás actividades de explicación inicial, instalación, seguimento e control dos COIN.

## IV.- OBRIGAS DA FEDERACIÓN RURAL GALEGA.

A Federación Rural Galega comprométese, mediante o presente Convenio, a desenvolver o proxecto **“A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal”** segundo a descrición metodolóxica prevista no seu proxecto e atendendo ao seguinte detalle:



- Actividades específicas do Proxecto

a) Colaborar co Concello de Pontevedra e co equipo do REVITALIZA da Deputación de Pontevedra na captación de participantes na compostaxe individual por medio de charlas, comunicados, etc., así como na formación inicial por grupos das persoas participantes nos COIN.

b) Realizar charlas/coloquios formativos cos veciños das diferentes zonas de instalación dos COIN. Cada charla/coloquio habería de cumprir con:

- Serlle previa e suficientemente anunciada/informada/comunicada á veciñanza afectada en cada partida.
- Celebrarse dentro do 1º trimestre do ano de seguimento previsto para cada partida aínda que se podería permitir algunha no 2º trimestre, de xeito extraordinario, nunca máis adiante.
- Para as celebradas no 1º trimestre, contar cunha asistencia efectiva máxima duns 40 veciños e veciñas, admitíndose asistencias de como mínimo 20 veciños/veciñas.
- Para as que eventualmente se celebren xa no 2º trimestre, contar así mesmo cun máximo duns 40 veciños e veciñas pero admitíndose asistencias mínimas de ata 12 veciños/veciñas.
- En todos casos ter unha duración media (aconsellable) de 1-2 horas (nunca menos de 1 hora).
- O máximo previsto de charlas/coloquios para todas as partidas (total dos 8.000 COIN) é de 120, considerándose que, como mínimo, deberían celebrarse 80.
- O seu cometido primordial é o de informar/formar ás e aos participantes para que poidan iniciar o proceso de compostaxe no seu domicilio. Adicionalmente, servirán como lugar de reparto dos COIN que a veciñanza solicite alí mesmo, sempre que se comprometa a levarlos ela mesma, polos seus propios medios, aos seus domicilios.

c) Facer o seguimento individualizado en todos e cada un dos lugares con COIN entregados, sexa porque o levou a propia persoa interesada (tras algunha das charlas antes citadas), sexa porque lle foi levado pola empresa adxudicataria do servizo. O seguimento rexerese polas seguintes condicións:

- Para cada COIN deberá realizarse un mínimo de dúas visitas, obrigatoriamente unha dentro do 1º trimestre e outra dentro do 2º trimestre, contado o tempo desde a data de entrega do COIN.
- Considérase sempre aconsellable unha 3ª visita, non obrigatoria e sempre en función da necesidade de cada veciño ou veciña. Esta visita aconséllase no 1º



trimestre, como apoio tras a visita de montaxe do COIN. Excepcionalmente, podería admitirse que fose xa no 2º trimestre.

- No caso de necesidade concreta do veciño ou veciña en cuestión considérase unha 4ª visita, preferiblemente neste caso xa no 2º semestre.
- Extraordinariamente, podería admitirse unha 5ª visita (ou incluso máis), sempre baixo circunstancias moi xustificadas e tan só nos casos das e dos veciños que así o precisasen.
- En calquera caso, o montante global dos casos de veciños/veciñas con 5 visitas (ou máis) nunca poderían superar o montante global de veciños ou veciñas con 2 ou 3 visitas, **de xeito que a media total final resultante de visitas (para a totalidade dos 8.000 COIN) nunca supere o máximo de 4.**
- Na 1ª visita procederase á montaxe do COIN conxuntamente co veciño ou veciña, daranse as primeiras instrucións e sacárase polo menos unha fotografía do COIN xa montado.
- Valórase que a necesidade media de tempo para esta 1ª visita sexa de 1,5 horas.
- Nas seguintes visitas farase, como mínimo, o seguinte: toma de temperatura, medida do nivel de enchido, comprobación (semi-cuantitativa) da humidade do material en proceso e fotografía. Así mesmo, farase unha comprobación visual de ausencia de roedores no interior do COIN, de eventuais excesos de insectos, así como de presenza (actual/histórica) de cheiros. Caso de presenza dalgún problema, procederase á súa solución in situ, ou cando menos ao seu informe para unha posterior solución. Para estas visitas considérase un tempo medio de 1 hora.

d) Ademais das accións presenciais citadas están previstas outras accións de seguimento a distancia (telefónico, correo electrónico, whatsapp, etc.), sempre dentro do período máximo de 1 ano, contado dende a data de aprobación da partida concreta de COIN na que están incluídas as ditas vivendas. Estas accións de seguimento a distancia rexeranse por:

- Ser feitas empregando medios propios (teléfono fixo, ou móbil, ordenador, etc.).
- Estar subvencionadas a razón de 2 c€/minuto, ata os máximos de minutos que seguidamente se relatan.
- Máximos de: ata 60 minutos por COIN durante o 1º trimestre; de ata 30 minutos por COIN durante o 2º trimestre e de ata 10 minutos por COIN durante o restante 2º semestre ata cumprir o total do ano.

e) Nos casos excepcionais nos que as persoas participantes non poidan asistir á formación, na primeira visita aproveitarase para, como mínimo, dar as explicacións precisas para o bo uso do COIN, así como do listado de "boas prácticas" na xestión do lixo da vivenda. Nesa primeira visita é recomendable a presenza dalgún dos técnicos ou técnicas do equipo adscrito ao concello de Pontevedra ou, no seu defecto, dalgún npercente ao REVITALIZA.

f) Nas seguintes visitas e accións de seguimento faranse revisións do funcionamento e histórico do COIN desde a anterior visita (episodios de cheiros, presenza de moscas e outros insectos, presenza de ratos ou similares, lixiviacións, etc.). Así mesmo, tomarase temperatura do material en proceso, tomarase unha foto do máis significativo no COIN, se fose preciso corríxirase humidade, esponxosidade, etc. do material en proceso e medírase o nivel de enchido actual (distancia da boca de carga ata a superficie superior do material en proceso). Todos os datos adquiridos se subirán á aplicación, plataforma, ou similar, disposta para tal fin pola Deputación.

g) Toda a información que difundan sobre o REVITALIZA teraa que supervisar o persoal técnico provincial e limitarase ao contido aprobado por este.

h) Constatar paulatina, sucesiva e continuadamente, dentro dos prazos segundo os requirimentos, da subida dos datos de seguimento/control dos COIN na aplicación do REVITALIZA.

#### **V.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POR FEDERACIÓN RURAL GALEGA**

A Federación Rural Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, conforme a un orzamento cuxos importes inclúen os gastos de desprazamentos, tempo das visitas, emisión de informes ou información aos veciños. Neste sentido, establécense as compensacións económicas a tanto alzado que de seguido se citan:

- Para cada 1ª visita de entrega/instalación e inicio de seguimento para cada un dos COIN considérase un tempo total (incluídos os desprazamentos) de 1'5 horas, que se pagarán a razón de **10 €/h**.

- Para todas as demais restantes visitas de seguimento, control e toma de datos en cada un dos COIN considérase un tempo total (incluídos os desprazamentos) de 1 hora, que igualmente se pagarán a razón de **10 €/h**.
- Máximo total previsto dos COIN aprovisionados polo Concello (entrega/instalación/control/seguimento): **8.000 unidades**.
- O número medio total de visitas anuais previsto por cada COIN vai dende un mínimo obrigatorio de 2 visitas (contando a da instalación) máis unha terceira aconsellable, ata un máximo individualmente (por COIN) non restrinxido, pero que debe ser tal que a media global resultante final de visitas por COIN para a totalidade dos 8.000 COIN non supere as 4.
- Por aplicación do anterior, o orzamento máximo subvencionable previsto para a totalidade das visitas a vivendas nas que se instalarían os 8.000 COIN ascende a **360.000,00 € (45 euros COIN x 8.000 COIN)**.
- Por cada xornada de información/formación cos veciños/as: **200,00 €/xornada**.
- O máximo total previsto de xornadas/coloquios informativas/formativas cos veciños/as ascende a 120, debendo facerse 80 como mínimo.
- O orzamento máximo previsto para xornadas/coloquios informativos/formativos ascende a **24.000,00 €**.
- Por accións de seguimento non presenciais (seguimento telefónico, correo electrónico, WA, etc.) considérase ata un **máximo de 16.000,00 €**. Estas accións de seguimento a distancia nunca poderán substituír as visitas presenciais, unicamente complementalas ou suplementalas.

**Orzamento máximo total previsto: 400.000 €.**

## **VI- FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE.**

1.- A Deputación Provincial de Pontevedra financiará o proxecto "**A implantación e seguimento da compostaxe individual a nivel municipal**", no ámbito territorial do concello de Pontevedra, cunha achega máxima de ata **400.000 €**, a abonar á Federación Rural Galega, que se afrontará con cargo á aplicación **18/923.1623.489.06** do vixente orzamento provincial.

2.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que Federación Rural Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.



3.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## VII.- PAGAMENTO DA ACTIVIDADE.

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a librar os fondos establecidos na cláusula anterior da seguinte forma e nos seguintes prazos:

- Pagarase independentemente por cada partida de COIN que se vaia instalar.
- A data de inicio da 1ª partida será a que marque a data final do ano dispoñible para iniciar todas as partidas ata completar o total dos 8.000 COIN.
- A última partida deberá comezar sempre antes de rematar esa data final, podendo logo dispoñer de 1 ano natural a partir desta para rematar a instalación e o seguimento dos COIN que lle correspondan.
- Consecuencia do anterior, o tempo total efectivo de traballo será de 2 anos, desde o inicio da 1ª partida ata o final da última partida.
- Unha vez determinadas: a cantidade de COIN de cada partida concreta, a súa área de implantación e mais a data de inicio, procederase ao ingreso adiantado do 50% da previsión total das xornadas informativas/formativas e das visitas a domicilio, mentres que o montante previsto para os seguimentos a distancia se adiantará na súa totalidade (100%).
- Para o cálculo da cantidade a adiantar consideraranse: 45,00 €/COIN en concepto de visitas a domicilio; 3,00 €/COIN en concepto de xornadas informativas/formativas e 2,00 €/COIN en concepto de seguimentos a distancia. Polo tanto, o montante total para adiantar para cada partida resultará de sumar o 50% de multiplicar o número de COIN por (45,00+3,00 €/COIN), e mais o 100% de multiplicar o número de COIN por 2,00 €/COIN.
- A liquidación de axuste final de pagamento da partida de COIN farase tras transcorrer 1 ano (contado a partir da data de aprobación da partida) e farase en función de: número efectivo final de COIN realmente entregado/instalado/seguído, número efectivo final de visitas de seguimento feitas a eses COIN e número de xornadas informativas/formativas efectivamente realizadas.
- Para esa liquidación de axuste final aplicaranse os mesmos criterios de pagamento antes citados (45,00 €/COIN por cada visita efectivamente realizada e 200,00 € por cada xornada efectivamente feita).

A fin de evitar unha excesiva fragmentación o número de COIN para instalar por partida non poderá ser nunca inferior ao 10% do previsto no total de cada proxecto.

Dado que as diferentes partidas se producirán solapadamente, unhas coas outras, ao longo do tempo, acontecerá unha sucesión de pagamentos ao longo dos dous anos efectivos de seguimento.

A cantidade restante aboaráselles á entidade seleccionada ao cabo dun ano dende a instalación efectiva de cada partida previa comprobación do cumprimento dos seguintes aspectos:

- Memoria explicativa da realización completa das actividades, con expresión técnica e cuantitativa dos resultados obtidos. Na citada memoria detallarase, así mesmo, o número de actividades realizadas, especificando o seu importe unitario e total e deberá estar conformada polo persoal técnico provincial do Plan Revitaliza. Para xustificar os pagamentos os datos subidos á aplicación serán válidos para presentar como informe de cada visita.
- Xustificación do cumprimento das obrigas impostas.
- Indicación e valoración de se se acadaron os obxectivos propostos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula oitava mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VIII.-PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial de Pontevedra.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga de Federación Rural Galega.



## IX.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As actuacións que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula cuarta, deberán estar rematadas no prazo máximo de 1 ano contado dende o efectivo inicio da actividade en cada partida de COIN instalada (da que se levantará a oportuna acta) e como máximo a **31 de decembro de 2021**, polo que a derradeira partida de COIN deberá ter aprobada a súa instalación antes do **31 de decembro de 2020**.

2.- Unha vez transcorra o ano desde o efectivo inicio da actividade de cada partida de COIN instalada, Federación Rural Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima no prazo máximo de tres meses, tendo en conta así mesmo as datas máximas establecidas no parágrafo anterior

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento a Federación Rural Galega para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e, no seu caso, o reintegro da parte xa adiantada, e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Federación Rural Galega da sanción que lle poida corresponder de conformidade co disposto na Lei de subvencións.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por Federación Rural Galega na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, Federación Rural Galega terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se debeñan dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.



## **X.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.**

1.- A Federación Rural Galega deberá acreditar, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que a obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación de non ter débedas coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

## **XI- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Federación Rural Galega poderá ser requirida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención outorgada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais abrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, Federación Rural Galega queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XII.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e a súa tramitación farase de conformidade co disposto nos artigos 29 e ss da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

### **XIII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación de Federación Rural Galega serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Federación rural Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina web [www.depo.gal](http://www.depo.gal)

4.- Así mesmo, os datos do convenio proposto foron incorporados no rexistro provincial de convenios (CIVIDAS) aos efectos do cumprimento das obrigas de comunicación ó Tribunal de Contas, en aplicación do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e a súa normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas- Resolución de 2 de decembro de 2016 e na RP nº 2017008767, de data 8 de maio de 2017).

#### **XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio establécese desde a data da súa sinatura ata o **31 de decembro de 2021**.

2.- Previa solicitude de Federación Rural Galega, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmas informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XV.- NATUREZA, SEGUIMENTO DOS TRABALLOS, INTERPRETACIÓN E RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS**

1.- Para avaliar o desenvolvemento do presente convenio de colaboración, de natureza administrativa, constituirase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de cada institución asinante, actuando como Presidente da mesma un dos representantes da Deputación. Esta comisión encargarse do seguimento das actuacións e avaliación dos resultados e desenvolverase durante toda a duración do convenio de xeito continuado.

2.- A comisión ditará as súas propias normas internas de funcionamento, reunirse cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, como mínimo unha vez ao ano; ostentará a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

#### **XVI.- RESOLUCIÓN**


O presente convenio resolverase:

- a) Por denuncia unilateral con previo aviso de dous meses ou por mutuo acordo.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.
- d) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute e/ou xustifique a realización do obxecto da subvención nos termos establecidos neste convenio.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio




E en proba de conformidade, asinan por triplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O Vicepresidente da  
Deputación Provincial de  
Pontevedra



César Mosquera  
Lorenzo

O Alcalde do Concello de  
Pontevedra




Miguel Anxo Fernández  
Lores

O Presidente de  
Federación Rural Galega



Xurxo Álvarez Pérez

O Vicesecretario Xeral da  
Deputación Provincial de Pontevedra



Jose Luis Mato Rodríguez



